

Ides pescudar sobre os refuxiados galegos en Francia e América a consecuencia da guerra civil utilizando fontes de diferente tipo para comparar as características e consecuencias dese éxodo con outros semellantes do mundo actual.

Tarefas propostas:

- Lectura atenta de páxinas escolleitas da novela *Winipeg* de Hixinio Puentes e do relato autobiográfico titulado *Illote P barraca 16* de Santiago Rodríguez Salinas.
- Análise da experiencia de persoas que viviron eses procesos traumáticos.
- Resposta individual por escrito ás cuestións que figuran na última páxina desta práctica.
- Posta en común nunha sesión presencial na aula

Temporalización: 4 sesións.

- 1ª sesión: Presentación da práctica e lectura na aula
- 2ª e 3ª sesión: procura de información complementaria na aula de informática e elaboración do informe escrito.
- 4ª: Posta en común e entrega da produción escrita.

Sistema de avaliación:

- Observación do traballo desenvolvido nas sesións e da participación na posta en común.
- Valoración na produción escrita final:
 - a) Selección da información complementaria e referencias precisas ás fontes de información.
 - b) Calidade das argumentacións reflexivas que demostren o coñecemento producido pola realización desta tarefa.



Santiago Rodríguez Salinas (Madrid, 1917-Redondela, 1985). Estudou na Escola de Artes e Oficios de Madrid e ingresou na Fronte do Exército Popular, co que participou nas batallas de Teruel e do Ebro. Na primeira quincena de febreiro de 1939 pasou a Francia e entrou nos campos de concentración. Ao seu regreso a España foi ingresado nun campo de concentración en Reus, nun batallón disciplinario, e durante dous anos e medio estivo nos de Punta Canero (Alxeciras) e Cerro Muriano (Córdoba), para logo realizar seis meses de servizo militar obrigatorio en Canarias. Á súa finalización instalouse en Redondela coa súa nai, Antonia Rodríguez Salinas, profesora republicana que foi represaliada, e que coidou do seu compañeiro, Alberto Marín Alcalde, preso na illa de San Simón.

Material básico de lectura e consulta para realizar a tarefa.

1. Relato autobiográfico titulado *Illote P barraca 16* de Santiago Rodríguez Salinas.

ACÁBASE SAINT CYPRIEN

Aínda continuamos algún tempo neste campo de concentración, sen que as condicións de habitabilidade variasen. A nosa vida transcorría monótona e aburrida, tendidos a maior parte do tempo sobre a area, que sempre foi o elemento característico dos campos de concentración franceses de refuxiados, establecidos en longas e anchas praias sen vestixio ningún de vida vexetal que rompese a desértica aridez do panorama. Era indubidable que aquela situación absurda, que escapaba ao control das autoridades francesas, non podía durar moito tempo máis.

A falta de hixiene, a carencia absoluta de instalacións sanitarias, a escaseza de alimentos e de auga potable estaban creando un clima de inquietude e de angustia entre os exiliados. Inquietude da que supoño participarían as autoridades francesas, xa que, aínda contando coa nosa pacífica resignación, que había que prever que non podía ser eterna, as condicións infrahumanas en que viviamos constituían un excelente caldo de cultivo para que en calquera momento brotase unha epidemia de proporcións e consecuencias imprevisi-

bles. Isto e as críticas cada vez máis agres —das que me ocuparei ao final desta obra— que suscitaba a nosa mísera situación no estranxeiro, supoño que pesarían moito no ánimo do goberno francés que, á fin, tomou a intelixente decisión de dismantelar o campo e distribuírnos por outros dos varios puntos de concentración que proliferaron nos Perineos Orientais e no veciño departamento de Aude.

E chegou o momento de abandonar Saint Cyprien. Un bo día recibimos a orde de recoller os nosos macutos, subimos a uns camións que nos esperaban fóra do campo e, homes por unha banda e mulleres e nenos pola outra, partimos cara ao noso novo destino, que no meu caso foi o campo de Le Barcarès.

Este traslado pon fin á primeira parte do noso éxodo, quizais a máis caótica, desconcertante e desordenada dun exilio que se prevía longo e penoso.



máis penoso que a nós soportar a xélida tramontana, o que me fixo lembrar aquilo do sabio que ía collendo as herbas que outro tirou.

Compadecidos daqueles pobres soldados, arrincados polo sistema colonialista das verdes e cálidas terras tropicais do seu país de orixe, convidámoslos a que entren, o que fan cun amplo e agradecido sorriso no seu rostro de acibeche, que adquire un ton cincento por efecto do frío. Apíñanse ao redor da estufa, cara á que estenden as súas mans de palmas dun claro vermello-negro. Pero o frío xa calou fondo nos seus corpos e para buscaren unha calor interior colocan sobre a estufa uns botes con auga que, xa ben tépeda, beben con avidez. Unha vez reconfortados marchan retirándose de costas e con repetidas inclinacións de cabeza, musitando un reiterado: “Merci, merci”.

Pero o seu agradecemento faise máis patente e eficaz cando, á hora da comida, veñen entregarnos uns pratos repletos do seu rancho que, aínda que modesto, é superior ao que recibimos os refuxiados no campo.

Xa durante todo o inverno, a visita dos soldados senegaleses será frecuente e non necesitará invitación previa, aínda que sempre se presentarán cun educado e cordial “bon jour”. Eles entran, quéntanse e marchan, despedíndose cun respectuoso “merci”.

Como consecuencia deste “calorífico” achegamento, de cando en vez veñen vender tabaco. Nun principio pretendemos facer as contas polo simplificado sistema aritmético da multiplicación, e así, se traían dez paquetes de “Gaulois” pagabámoslles trinta francos, que é o resultado de multiplicar dez por tres, de xeito que recollíamos os paquetes e depositabamos

2. Testemuño dunha muller vítima da represión franquista e exiliada porque o seu marido era concelleiro socialista e combatente republicano refuxiado en Francia.

Dolores Vilamarín Otero chegou a Parada de Amoeiro aos 21 anos e acompañando a unha irmá que casara cun garda civil destinado naquela localidade. Casou alá con Francisco Dopazo Protasio, un carpinteiro socialista moi vencellado na mobilización sociopolítica local e mesmo provincial, pois presidía o Sindicato da Madeira da Casa del Pueblo de Ourense e foi concelleiro socialista en Amoeiro durante a Segunda República. Fuxiu a Portugal ao triunfaren en Galicia os militares e fascistas sublevados contra a Segunda República e reincorporouse a loita no bando republicano en Cataluña, pasou a Francia en 1938, estivo preso no campo de concentración de Argelés e integrou os batallóns de marcha ata a invasión alemana de Francia en 1940. No entanto, Lola salvouse de ser violada e asasinada polos falanxistas, que xa a detiveran, porque os gardas civís encargáronse dela e levárona para ser xulgada en Ourense en 1937. Estivo presa na cadea para mulleres de Bande ata que a liberaron a finais de 1938. Regresou a súa casa de Parada e tardou dez anos en xuntarse co seu marido, pasando clandestinamente a Francia. Viviron alá ata que retornaron en 1968. Lola narrou esas experiencias traumáticas do xeito que segue.¹

[...] O meu Francisco e outros botaron once meses escondidos en minas e metidos en pozos secos no monte. Tiñamos medo que nos enfermaran ou que os pillasen unha noite cando iba o pobriño vello levarlle a comida. Eu tiña unhos amigos en Untes que tiñan unhas aceas do outro lado do río e pasáronos a Portugal en julio do trinta e sete. Estuveron dezaioito meses en Portugal pero despois prendéronos e botaron sesenta e un días presos. Escribíronlle ó cónsul de Inglaterra e fíxolles un pasaporte ós que tuveran cartos. Leváronos en barco a Casablanca e pasaron a Francia nun barco inglés. O meu volveu a Barcelona porque aínda había guerra e faltaban obreros. Despois volveu a Francia cando foi a retirada pralá e iba embarcar para Chile porque o reclamaban as miñas familias dalá que xa arreglaron os papeis en Buenos Aires. Pero marchou don Alfonso Pazos que era deputado co nome do meu home e il quedou en Francia. Estuvo catorce meses e medio nun campo de concentración en Argelés, nunha praia cerrada vixiados por moros que os mallaban si querían salir [...] Despois fixeron batallóns de traballo cos carpinteiros, albañiles e canteiros que estaban refuxiados, para facer hangares e desas cousas de hormigón contra os alemáns [...] Despois entraron os alemáns e anduvo escapado hasta que foron liberados por De Gaulle e traballou facendo pantanos de auga para electricidade nove anos mais [...] A min veume prender a Falange deiquí o vinteito de julio de 1937 ás seis da mañá, ós oito días de marchar el pra Portugal. Romperon a porta, pedíronme os traxes dil e roubáronme hasta os coellos. Déronme golpes que me desfizeron iste hombro e non me mataron porque xa estaban os compañeiros do meu cuñado ó tanto e chegou o sargento da Guardia Civil cun soldado e cun guardia e colléronme no camiño para o cuartel de Falange. Fun presa pra Bande e alí me tiveron nove meses. Non me fixeron xuicio nin nada, porque

¹ Reproducimos da transcrición textual da grabación da memoria de vida de Dolores Vilamarín Otero, entrevistada por Raúl Soutelo Vázquez en agosto de 1990, Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

nos levaron presas polos homes. Estábamos presas cento e pico de mulleres con oito nenos e nenas [...] Salín da cárcel en marzo do ano trinta e oito. Víñenme pra casa e vivía cunhas tías [...] Cando librarón Francia dos alemáns meu marido pedíume pralá e pasei clandestinamente a fronteira en xaneiro no corenta e oito. Pagamos tres mil pesetas que as mandaron os meus de América como lle pediu nunha carta o meu home.

3. Foto enviada por un exiliado en Burdeos a súa familia en Vilamarín (Ourense).



Cuestionario para responder nesta tarefa.

1ª. Describe como eran as condicións de vida nos campos de Argelés, Barcarés e Saint Ciprien e a relación cos gardas de orixe africana segundo a descrición feita por Santiago Rodríguez Salinas entre 1938 e 1940.

2ª. Compara as traxectorias do Santiago Rodríguez Salinas e Francisco Dopazo Protasio coas de Dolores Vilamarín e [Mercedes Núñez](#) partindo dos datos que se fornecen e da información complementaria que obteñas nos sitios virtuais recomendados.

3ª. Observa con atención as roupas e as expresións do refuxiado co seu fillo. Describe que transmiten.

4ª. Indica que aprendizaxes e salienta o que máis che sorprendeu realizando esta tarefa.